

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU85100:85
SITUACIÓN: AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO, N°13, 3ºB - LUGO

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Lugo de data 22 de xullo de 2011 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública, expediente LU85100:85, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, téndose presentado solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a VICTORINO ESCAMILLA PAZ (nº de credencial 67258). Unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias o xefe territorial da en Lugo

ACORDA:

Declarar directamente adquirente a don/a VICTORINO ESCAMILLA PAZ (nº credencial 67258)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da **Lei 30/1992**, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

Lugo, 12 de maio de 2014.

O/A **xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas**

Carlos Vila Pérez